

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 4 DE MAIO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día catro de maio do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Luís Alonso Riego, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Ignacio D. Saa González.
- D. José Vicente Ferreira.
- Dna. Teresa Cadilla Gonzalez.
- D. Manuel Alberto Franco Peixoto.

- Non asiste: D. José Luis Lomba Álvarez.

Asiste como Secretario o funcionario do Concello D. Juan Alberto Santos Carrero.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACION ACTAS SESIONS ANTERIORES.- (04/04/07, 13/04/07, 18/04/07 e 24/04/07)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 4, 13, 18 e 24 de abril ó que responden negativamente tódolos concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas.

PUNTO 2.- SERVIZOS

Lese o escrito RE 2.958 de data 30 de abril de 2007, presentado por DNA. JOSEFINA GONZÁLEZ BAZ, con enderezo na rúa do Porto, nº 30-3º de A Guarda, solicitando vado permanente para o garaxe sito na rúa Coruña, nº 7 (entrada por rúa Tomiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda acceder ó solicitado (2 plazas).

PUNTO 3.- SOLICITUDES

Lese o escrito RE 2.941 de data 28 de abril de 2007, presentado por DNA. OLGA RODRÍGUEZ, mestra responsable da E.E.I. “A Gándara”, solicitando que se cambie a superficie do patio de recreo desta escola para adaptalo ó Decreto sobre seguridade nos parques infantís.

A Xunta de Goberno Local acorda colocar o firme de caucho como no espazo de xogos da Alameda.

Lese o escrito RE 3.012 de data 2 de maio de 2007, presentado por D. VALENTÍN LLAMERA ESCUDERO, con enderezo na rúa Largo, nº 13 de A Guarda, solicitando a colocación dun espello dobre na rúa Calvario fronte o cruce coa rúa Largo para obter visibilidade para o tráfico rodado.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar informe á Policía Local.

Dase conta do escrito RE 3.043 de data 3 de maio de 2007, presentado por D. GONZÁLO ÁLVAREZ PÉREZ, como Presidente da Sociedad Deportiva As de Copas, solicitando permiso para usar a próxima tempada o Campo de Fútbol Municipal de A Sangriña os sábados pola tarde para disputar o campionato de fútbol de veteranos.

A Xunta de Goberno Local acorda incluír esta solicitude para a planificación do uso deste campo na tempada próxima.

PUNTO 4.- ASUNTOS TRAIADOS POR CONCELLEIROS

Dase conta do escrito RE 2.912 de data 27 de abril de 2007, presentado por D. JOSÉ MANUEL DOMÍNGUEZ FREITAS – SECRETARIO XERAL DA AGRUPACIÓN SOCIALISTA DA GUARDA, solicitando autorización para o uso do Pavillón Municipal e do Auditorio San Benito para actos da precampaña electoral os días 4 e 9 de maio.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 2.945 de data 30 de abril de 2007, presentado por INICIATIVA VECIÑAL DO BAIXO MIÑO, solicitando que por parte do Concello se leve a cabo un recoñecemento institucional polo éxito acadado polo Clube de Remo Robaleira ó acadar a bandeira de campións de España nas categorías de infantís e cadetes.

A Xunta de Goberno Local sinala que xa está previsto dentro dunha homenaxe ó deporte guardés.

PUNTO 5.- OUTROS ACORDOS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á solicitude feita por R.L.A. dunha axuda económica para atención temperá do seu fillo así como para a compra de pañais e leite.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado a intervención.

Dase conta da escrito con RE 2.805 de data 23 de abril de 2007 feita por D. AVELINO GONZÁLEZ MATOS, con enderezo na rúa 1ª Transversal Couto, nº 5 de Camposancos en A Guarda, solicitando subvención para rehabilitación de vivenda con cargo ó Servizo de Acción Social.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe feito redactado pola Traballadora Social do Concello, acorda denegar a solicitude posto que esta solicitude non se axusta ó establecido nas bases da convocatoria.

Dase conta das cuotas que deben pagar os usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio correspondentes ó mes de abril de 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación.

Dase conta do escrito RE 2.901 de data 26 de abril de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE – DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando a resolución de autorización para realizar os traballos de reparación e mantemento do centro de telecomunicacións sitos no Monte Santa Trega por parte da empresa Retevisión SAU.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado deste escrito á empresa solicitante.

Lese o escrito RE 2.891 de data 26 de abril de 2007, presentado por DNA. MARCOLINA ALONSO MARTÍNEZ, con enderezo na rúa Roda, nº 10 de A Guarda, solicitando que lle sexan reparados os desperfectos sufridos no baixo como consecuencia dunha rotura da rede de pluviais na rúa Roda.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello respecto da solicitude de exención das taxas por prestación do servizo de axuda a domicilio da que é beneficiaria M.T.A.V..

A Xunta de Goberno Local sinala que segundo a ordenanza reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio non é posible legalmente esta exención.

PUNTO 6.- SUBVENCIONS

Vista a Orde do 4 de abril de 2007 pola que se ditan normas para a cesión en propiedade de material de emerxencia e salvamento en misión de protección civil, aos concellos e mancomunidades de concellos galegos, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda acollerse a dita orde e solicitar a subvención.

PUNTO 7.- INSTANCIAS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 2.990 de data 2 de maio de 2007, presentado por UNIFAMILIARES DE BOUZAS, S.L., con enderezo na rúa Urzáiz, nº 102-7ºD de Vigo, solicitando que se lle determinen as datas de inicio e remate que quedan establecidas trala concesión da prórroga por un ano á licenza 268/2006.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que segundo o establecido no artigo 197 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMR) o prazo de iniciación das obras non pode exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e a prórroga deses prazos, concedida por unha sola vez, será por un novo prazo non superior o inicialmente acordado. Polo tanto, concedida a prórroga, as obras deben comenzarse no prazo dun ano desde a data do seu outorgamento.

Lese o escrito RE 2.989 de data 2 de maio de 2007, presentado por UNIFAMILIARES DE BOUZAS, S.L., con enderezo na rúa Urzáiz, nº 102-7ºD de Vigo, solicitando que se lle determinen as datas de inicio e remate que quedan establecidas trala concesión da prórroga por un ano á licenza 269/2006.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que segundo o establecido no artigo 197 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMR) o prazo de iniciación das obras non pode exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e a prórroga deses prazos, concedida por unha sola vez, será por un novo prazo non superior o

inicialmente acordado. Polo tanto, concedida a prorroga, as obras deben comenzarse no prazo dun ano desde a data do seu outorgamento.

PUNTO 8.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. José M^a Álvarez Álvarez .

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. JESÚS PEREIRA FERREIRA, R.E. N.º. 889 DE DATA 12 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS N.º. 32 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA PECHE DE PARCELA CONTRA Ó LINDEIRO SUR NUNHA LONXITUDE DE 14,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 1,70 MTS. REALIZADO EN BLOQUES DE CEMENTO, SITO NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS N.º. 32, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA TERESA PENA LOMBA, R.E. N.º. 1.850 DE DATA 20 DE MARZO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A RODA N.º. 6 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 53,50 M². CONSISTENTE NA INSTALACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO, TELLA NOVA DO PAIS CON GANCHOS E PREPARAR OS CAEIROS E BAIXANTES DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A RODA N.º. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

A D. LORENZO FARIAS FERNÁNDEZ, R.E. N.º. 1.792 DE DATA 16 DE MARZO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BAIONA N.º. 8-4º B (EDIFICIO JARDIN) DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA PECHE PARCIAL DE TERRAZA CON CARPINTERIA METÁLICA DO PISO 4º-B DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE BAIONA N.º. 8 (EDIFICIO JARDIN), EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 9.- OBRAS MAIORES

Asiste o funcionario do Concello D. José M^a Álvarez Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1^a OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1^a ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1^a ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A DOMUS GAUDA, S.L., R.E. Nº. 6.518 DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA, Nº 28-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA “DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A VIVENDA UNIFAMILIAR” E CONSTRUCCIÓN DE “EDIFICIO DE 5 VIVENDAS” DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA) POLA RÚA DE A CAL Nº. 19 E (PLANTA SOTO-2, PLANTA SOTO-1, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA) POLA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) *“EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO”*.

A D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ E D^a. MERCEDES GONZÁLEZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 2.114 DE DATA 28 DE MARZO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3º TRANSVERSAL OLIVA Nº. 8 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE “BAIXO PARA LOCAL COMERCIAL” DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA), SITO NA RÚA DE MALTESES Nº. 98, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.) *“EDIFICACIÓN EN ZONAS DO NÚCLEO ANTIGO”*.

A D. BIENVENIDO ESPAÑOL SOUTIÑO, R.E. Nº. 1.879 DE DATA 21 DE MARZO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 49-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA SEMISOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE COSTA DOS SOLDADOS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “BAIXADA Á PRAIA DO MUIÑO” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A IGNACIO E JOSÉ LIMA, S.L., R.E. Nº. 2.627 DE DATA 17 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE SAN ROQUE Nº. 2 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

PARCELA Nº. 2.

A IGNACIO E JOSÉ LIMA, S.L., R.E. Nº. 2.628 DE DATA 17 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE SAN ROQUE Nº. 2 DE A GUARDEA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

PARCELA Nº. 3.

PUNTO 10.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. AGUSTÍN IGLESIAS GONZÁLEZ. (R.E. 1.540 de data 8 de MARZO do 2007), para o local dedicado a actividade de CAFETERÍA (Epig. 673.2) sito na rúa de Enrique M^a Sesto, nº 7-baixo, que antes figuraba a nome de JUDITH ADROVER SOLLEIRO

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. AGUSTÍN IGLESIAS GONZÁLEZ cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de JUDITH ADROVER SILLEIRO, para a actividade de CAFETERÍA (Epig. 673.2) sito na rúa de Enrique M^a Sesto, nº 7-baixo de A Guarda (TECLA'S).

PUNTO 11.- LICENCIA DE APERTURA ACTIVIDADE MOLESTA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por HIERROS MARQUEZ Y DACOSTA, S.L. (R.E. 4.100 de data 15 de XUÑO de 2005), para a LICENCIA DE ACTIVIDADE PARA COMERCIO Ó POR MAIOR DE BOTELLAS DE GASES COMPRIMIDOS, LICUADOS E DISOLTOS (EPIG. 616.6), sito na rúa de Jose Antonio Lomba Camiña, nº 4 de A Guarda.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, da Consellería de Xustiza así como da Consellería de Medio Ambiente, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA:

Conceder a HIERROS MARQUEZ Y DACOSTA, S.L., licencia municipal (L.A.M. 1/2007) para a LICENCIA DE ACTIVIDADE PARA COMERCIO Ó POR MAIOR DE BOTELLAS DE GASES COMPRIMIDOS, LICUADOS E DISOLTOS (EPIG. 616.6), sito na rúa de Jose Antonio Lomba Camiña, nº 4 de A Guarda.

PUNTO 12.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. MANUEL VICENTE

GONZÁLEZ (RE 9.059 de data 22 de decembro de 2006), para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO MAIOR DE FROITAS E VERDURAS (Epig. 612.3) situado na rúa Cachiños, nº 20.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. MANUEL VICENTE GONZÁLEZ licencia municipal nº 7/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO MAIOR DE FROITAS E VERDURAS (Epig. 612.3) situado na rúa Cachiños, nº 20 (LEGUMBRES CONCHA).

PUNTO 13.- TRAMITACIÓN LICENCIA APERTURA

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de DNA. VANESA ALONSO GÁNDARA (R.E. 1.788 DE DATA 16 DE MARZO DO 2007) no que solicita licencia municipal para ACTIVIDADE DE CLINICA VETERINARIA), sita na rúa de Tomiño, nº 7-baixo deste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

RESULTANDO: Que durante o periodo de reclamacións non se presentou ningunha .

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades analógas que poidan producir efectos aditivos .

A Comisión de Goberno por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia solicitada por DNA. VANESA ALONSO GÁNDARA, no que solicita licencia municipal para ACTIVIDADE DE CLÍNICA VETERINARIA, sita na rúa de Tomiño, nº 7-baixo deste término municipal

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente a Comisión Provincial de Medio Ambiente.

PUNTO 14.- PROXECTO DE PARCELACIÓN DE FINCA, SITA NO LUGAR DE “AS CACHADAS”.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 2.475 de data 11 de abril de 2007, a instancia de NAVES CACHADAS, S.L. representado por D. JOSÉ LUIS DEL RIO LAGO e con domicilio os efectos de notificación na rúa de Colón nº. 28-3º B de Vigo-C.P. 36201, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Manuel Ferradas Bautista para “PARCELACIÓN DE FINCA”, sita no lugar de As Cachadas, s/n.

INFORME TÉCNICO 01-03-2007:

D. José Melero Currás como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para “PARCELACIÓN DE FINCA”, sita no lugar de As Cachadas, s/n., teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Presentación de proposta a nome de Naves Cachadas, S.L., para a parcelación dunha finca (Visado C.O.A.G.: 23-02-2007) e redactado polo arquitecto D. Manuel Ferradas Bautista.

1.2.- Presenta a acta de recuamento e cesión.

1.3.- Presenta o contrato privado de compraventa da parcela e da sociedade promotora.

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- A finca matriz está incluída dentro da ordenanza nº. 6 do P.X.O.U. denominada EDIFICACIÓN INDUSTRIAL e parcela-se en dúas fincas independentes dando como resultado a parcela nº. 1 que posúe unha superficie de 6.238,00 m². e a parcela nº. 2 cunha superficie de 6.130,00 m².

2.2.- A parcela 1, cumpre coas determinacións do P.X.O.U. a efectos de parcelación: parcela mínima, frente de parcela e retranqueos.

2.3.- A parcela 2, cumpre coas determinacións do P.X.O.U. a efectos de parcelación: parcela mínima, frente de parcela e retranqueos.

2.4.- A superficie de cesións para viais que figuran na acta de recuamento, deberán ser recibidas polo Concello en escritura pública.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido se considera favorable.

3.2.- A autorización para a parcelación non implica autorización de edificación.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 03-05-2007.

Conta con informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como o informe realizado polo Arquitecto Técnico Municipal, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados

PUNTO 15.- PROXECTO DE PARCELACIÓN DE FINCA, SITA NA RÚA DE 6 TRANSVERSAL SOLANAS, S/N.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 2.643 de data 17 de abril de 2007, a instancia de DOMUS GAUDA, S.L. representado por D. JORGE BERRIDY FRANCO e con domicilio os efectos de notificación na rúa de Galicia n.º. 28-baixo de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez para “PARCELACIÓN DE FINCA”, sita na rúa de 6º Transversal Solanas, s/n.

INFORME TÉCNICO 19-04-2007:

D. José Melero Currás como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para “PARCELACIÓN DE FINCA”, sita na rúa de 6º Transversal Solanas, s/n., teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Presentación de proposta a nome de Domus Gauda, S.L., para a parcelación de fincas (Visado C.O.A.G.: 16-04-2007) e redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

1.2.- Presenta as escrituras da propiedade da parcela da entidade promotora.

1.3.- Presentación da acta de recuamento e documento de cesión dos terreos afectados polo vial, nunha superficie de 115,47 m².

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- Clasificación da parcela como “Solo Urbano de Edificación Unifamiliar”, cualificada coa ordenanza n.º. 4 do P.X.O.U. segundo aprobación definitiva do 29-07-1993 e M.P. do 27-12-1996.

2.2.- A finca matriz ten unha superficie acreditada en escritura pública e plano topográfico de 1.100,21 m². Está finca matriz parcelase en tres independentes. Dando como resultado a parcela n.º. 1 que posúe unha superficie de 457,70 m²., a parcela n.º. 2 que posúe unha superficie de 305,46 m². e a parcela n.º. 3 cunha superficie de 337,05 m².

2.3.- As parcelas resultantes n.º. 1, 2 e 3, cumpren coas determinacións do P.X.O.U. (parcela mínima, frente de parcela, edificabilidade).

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido se considera favorable.

3.2.- A autorización para a parcelación non implica autorización de edificación.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 03-05-2007.

Conta con informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como o informe realizado polo Arquitecto Técnico Municipal, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados

PUNTO 16.- PROXECTO DE AGRUPACIÓN E SEGREGACIÓN DE PARCELAS, SITA NA RÚA DE CENTEARES, S/N.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 1.804 de data 19 de marzo de 2007, a instancia de D. JUAN CARLOS SIRVENT LÓPEZ E OUTROS e con domicilio os efectos de notificación na rúa de Zamora nº. 1-2º C de Vigo-C.P. 36203, quen presenta proxecto técnico redactado polos arquitectos Rodríguez e Rivoira para “AGRUPACIÓN E SEGREGACIÓN DE PARCELAS”, sita na rúa de Centeares, s/n.

INFORME TÉCNICO 19-04-2007:

D. José Melero Currás como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para “AGRUPACIÓN E SEGREGACIÓN DE PARCELAS”, sita na rúa de Centeares, s/n., teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Presentación de proposta a nome de D. Juan Carlos Sirvent López, para a parcelación de fincas (Visado C.O.A.G.: 06-03-2007) e redactado polos arquitectos Rodríguez e Rivoira.

1.2.- Presenta as escrituras de propiedade da parcela.

1.3.- Con data 18-04-2007, presenta documentación complementaria (Visado C.O.A.G.: 17-04-2007).

1.4.- Presentación da acta de recuamento e documento de cesión dos terreos afectados polo vial nunha superficie de 70,10 m².

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- Clasificación da parcela como “Solo non urbanizable de núcleo rural” cualificada coa ordenanza nº. 9 do P.X.O.U. segundo aprobación definitiva do 29-07-1993 e M.P. do 27-12-1996.

2.2.- A finca matriz ten unha superficie acreditada en escritura pública e plano topográfico de 1.603,00 m². Está finca matriz parcelase en dúas

independentes. Dando como resultado a parcela nº. 1 que posúe unha superficie de 810,00 m². e a parcela nº. 2 cunha superficie de 793,00 m².

2.3.- As parcelas resultantes, cumpren cóas determinacións do P.X.O.U. (parcela mínima, frente de parcela, edificabilidade).

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido se considera favorable.

3.2.- A autorización para a parcelación non implica autorización de edificación.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 03-05-2007.

Conta con informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como o informe realizado polo Arquitecto Técnico Municipal, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados